



**Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa**

**REDE DE CONSERVATORIOS DE MÚSICA E DANZA DE GALICIA**

## **Modelo MD75PRO01**

# **Programación didáctica de percusión**

## **Curso 2021-2022**



## Índice

<b>1. Introducción.....</b>	<b>5</b>
<b>2. Metodoloxía .....</b>	<b>7</b>
<b>3. Atención á diversidade .....</b>	<b>7</b>
<b>4. Temas transversais .....</b>	<b>8</b>
4.1 Educación en valores.....	9
4.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC´s) .....	10
<b>5. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas .....</b>	<b>10</b>
<b>6. Secuenciación do curso .....</b>	<b>10</b>
6.1 Curso: 1º Grao Elemental .....	10
6.1.1 Obxectivos .....	10
6.1.2 Contidos .....	11
6.1.3 Avaliación.....	11
6.1.4 Medidas de recuperación.....	15
6.1.5 Recursos didácticos.....	15
6.2 Curso: 2º de Grao Elemental .....	16
6.2.1 Obxectivos .....	16
6.2.2 Contidos .....	16
6.2.3 Avaliación.....	17
6.2.4 Medidas de recuperación.....	20
6.2.5 Recursos didácticos.....	21
6.3 Curso: 3º de Grao Elemental .....	22
6.3.1 Obxectivos .....	22
6.3.2 Contidos .....	22
6.3.3 Avaliación.....	23
6.3.4 Medidas de recuperación.....	26
6.3.5 Recursos didácticos. ....	27
6.4 Curso: 4º de Grao Elemental .....	28
6.4.1 Obxectivos .....	28
6.4.2 Contidos .....	28
6.4.3 Avaliación.....	29
6.4.4 Medidas de recuperación.....	30
6.4.5 Recursos didácticos.....	30
6.5 Curso: 1º Grao Profesional .....	31



6.5.1	Obxectivos .....	31
6.5.2	Contidos .....	32
6.5.3	Avaliación .....	32
6.5.4	Medidas de recuperación.....	36
6.5.5	Recursos didácticos.....	37
6.6	Curso: 2º de Grao Profesional .....	38
6.6.1	Obxectivos .....	38
6.6.2	Contidos .....	38
6.6.3	Avaliación .....	39
6.6.4	Medidas de recuperación.....	42
6.6.5	Recursos didácticos.....	43
6.7	Curso: 3º de Grao Profesional .....	44
6.7.1	Obxectivos .....	44
6.7.2	Contidos .....	44
6.7.3	Avaliación .....	45
6.7.4	Medidas de recuperación.....	49
6.7.5	Recursos didácticos.....	49
6.8	Curso: 4º de Grao Profesional .....	51
6.8.1	Obxectivos .....	51
6.8.2	Contidos .....	51
6.8.3	Avaliación .....	52
6.8.4	Medidas de recuperación.....	55
6.8.5	Recursos didácticos.....	56
6.9	Curso: 5º de Grao Profesional .....	58
6.9.1	Obxectivos .....	58
6.9.2	Contidos .....	58
6.9.3	Avaliación .....	59
6.9.4	Medidas de recuperación.....	63
6.9.5	Recursos didácticos.....	64
6.10	Curso: 6º de Grao Profesional .....	67
6.10.1	Obxectivos .....	67
6.10.2	Contidos .....	67
6.10.3	Avaliación .....	68
6.10.4	Medidas de recuperación.....	69
6.10.5	Recursos didácticos.....	70
<b>7.</b>	<b>Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica.....</b>	<b>73</b>



<b>8.</b>	<b>Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento .....</b>	<b>73</b>
<b>9.</b>	<b>ANEXOS .....</b>	<b>74</b>
9.1	Probas de acceso a 1º de Grao Profesional .....	74
9.1.1	Contidos .....	74
9.1.2	Criterios de avaliación.....	74
9.1.3	Criterios de cualificación .....	75
9.1.4	Repertorio de orientación .....	75
9.2	Probas de acceso a outros cursos.....	76
9.2.1	2º, 3º e 4º de Grao Elemental.....	76
9.2.2	2º, 3º, 4º, 5º e 6º de Grao Profesional.....	77
9.2.3	Criterios de promoción.....	78
9.3	Criterios para a obtención dos premios fin de grao.....	78
9.3.1	Criterios de avaliación.....	79
9.4	Clase colectiva de percusión.....	79
9.4.1	Obxectivos .....	80
9.4.2	Contidos (participación).....	80
9.4.3	Metodoloxía.....	81
9.4.4	Repertorio .....	81
9.5	Segundo instrumento.....	81
9.5.1	Obxectivos .....	81
9.5.2	Contidos .....	81
9.5.3	Avaliación.....	82
9.5.4	Medidas de recuperación.....	83
9.5.5	Recursos didácticos.....	83
9.6	Adaptación á situación Covid19.....	84



## 1. **Introdución**

---

### **Presentación e xustificación**

#### **Grao Elemental**

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, establece, no seu artigo 45, que as ensinanzas artísticas teñen como finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música, e no artigo 48 preceptúa que as ensinanzas elementais de música terán as características e a organización que as administracións educativas determinen. Ditas características veñen ditadas no posterior Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música.

A finalidade do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música é promover a autonomía do alumnado para que a súa capacidade de expresión musical adquira a calidade artística necesaria que permita acceder ao grao profesional.

A presente programación concreta dito decreto a nivel de aula, e será o documento polo que se desenrolen os diversos parámetros do traballo de aula dos docentes deste centro.

#### **Grao Profesional**

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, establece, no seu artigo 6.2, que o goberno fixará, en relación cos obxectivos, as competencias básicas, os contidos, os criterios de avaliación e os aspectos básicos do currículo que constitúen as ensinanzas mínimas. Así mesmo, a citada Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, no capítulo VI do título I, fixa as características básicas das ensinanzas profesionais de música, dentro das ensinanzas artísticas.

A finalidade do grao profesional das ensinanzas de réxime especial de música, é proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais. Neste marco, o Real Decreto 1577/2006, do 22 de decembro, polo que se fixan os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de música reguladas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, estableceu os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de música, desenvolvidos no posterior decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música.

A presente programación da concreción a dito decreto a nivel de aula, e será o documento polo que se desenrolen os diversos parámetros do traballo de aula dos docentes deste centro.



## Xeneralidades

O alumnado accede ao grao elemental con idades de entre 8 e 14 anos, amplo rango que determina grandes diferenzas entre capacidades e tamén diferentes niveis educativos na ensinanza obrigatoria.

Para acceder ao grao profesional non existen límites de idade, polo que os grupos das materias colectivas non teñen por que ser homoxéneos.

## Coñecementos previos

Os accesos a 1º curso de grao elemental non requiren nin valoran coñecementos previos, senón aptitudes.

O resto dos cursos precisan do dominio dos contidos do curso anterior.

Para o acceso a 1º de grao profesional é preciso ter aprobada a proba específica de acceso. Pódense facer probas similares para acceder ao resto dos cursos. O alumnado que supere o curso pasará ao seguinte cun máximo de dúas materias pendentes.

## Relacións cos estudos de réxime xeral

### Grao elemental

Se o alumnado tivera entrado no conservatorio ca idade mínima permitida de 8 anos, compatibilizaría o grao elemental cos cursos de 3º a 6º de primaria. Na práctica a franxa de idade é variable, porque neste grao pode acceder ata os 14 anos de idade.

### Grao profesional

A maioría do alumnado compatibiliza os estudos no conservatorio con outros de réxime xeral. Nun porcentaxe amplo, o alumnado dos primeiros cursos de grao profesional cursa a E.S.O. e o alumnado de 5º e 6º de grao profesional compatibiliza os estudos musicais co bacharelato.

## Relacións interdisciplinarias

**Instrumento:** Na materia de percusión, o/a alumno/a aprende a desenvolver as capacidades físicas necesarias para acadar un correcto control dos distintos instrumentos e a aplicar os coñecementos básicos de lectura e interpretación, así coma os de afinación, son, memoria, e ritmo, entre outros.

**Linguaxe musical:** Na materia de linguaxe musical, o/a alumno/a aprende a relacionar os coñecementos musicais, coas características da escritura e da literatura do instrumento, ca finalidade de adquirir as bases que permitan desenvolver a interpretación artística e as capacidades musicais.

**Educación auditiva e vocal:** Tanto esta materia coma a especialidade instrumental, comparten os obxectivos de afondar nas bases para o desenvolvemento auditivo nos



aspectos tímbricos, rítmicos, melódicos e formais, así como de valorar a importancia da memoria como recurso indispensable.

**Banda:** Incorpora ao alumnado en grupos numerosos, e o fan participar dunha sección ca responsabilidade que iso require. Incide nun desenvolvemento técnico propio do traballo en conxunto.

**Harmonía:** Faculta ao alumnado a recoñecer a importancia da súa voz cando toca dentro dun conxunto, e o axuda a comprender os elementos compositivos que integran o seu repertorio.

**Análise:** Senta as bases que permiten que o/a alumno/a entenda e consiga interpretar a música que escoita, le, ou toca dende un punto de vista técnico e artístico de acordo co estilo musical da época na que a obra foi composta. Ten unha relación directa con todas as demais materias dos cursos 5º e 6º.

**Historia da música:** Aporta á materia coñecementos sobre os estilos das diferentes épocas e autores, así como datos sobre o contexto sociocultural e de como este inflúe na estética musical.

**Novas tecnoloxías:** As novas tecnoloxías aplicadas á música darán máis liberdade ao alumnado para que exprese a súa creatividade e para que poida empregar recursos no seu estudo individual tales como gravarse ou editar partituras.

**Conxunto:** Con esta materia os/as alumnos/as son responsables co seu traballo individual do resultado do conxunto, e deberán empregar tódalas ferramentas aprendidas nas clases instrumentais así como os coñecementos adquiridos nas clases colectivas.

**Repentización, acompañamento e piano complementario:** dotarán ao alumnado das ferramentas de apoio que precisa para adquirir unha comprensión global da música.

## 2. Metodoloxía

---

As clases desenvolveranse individualmente cunha hora de clase semanal por alumno/a. Nelas controlarase a evolución e o traballo diario do alumnado, conseguindo así unha mellora semanal en todos os aspectos musicais.

## 3. Atención á diversidade

---

### Nas actividades da aula

A atención a diversidade virá dada polas diferentes situacións de cada alumno/a e o profesor deberá estar en disposición de poder afrontar calquera tipo de problemática que puidese xurdir.

### Ó alumnado con necesidades específicas de apoio

Debido á voluntariedade dos estudos musicais, as necesidades de apoio específico están moi limitadas e son difíciles de concretar. De ser o caso, deberíase tratar cada un



por separado sen influencias de outros. Se o problema é físico, é posible que haxa impedimentos grandes para a súa formación e non sería posible o seu desenvolvemento como músico e se o problema é de outro tipo, teremos que atallalo chegado o momento.

## 4. Temas transversais

---

A inclusión de temas transversais nos diferentes sistemas educativos responde á necesidade de levar ao terreo educativo toda unha serie de medidas adoptadas de xeito intergubernamental polos gobernos dos países desenvolvidos, xurdidas a partires dunha serie de preocupacións comúns ante os efectos negativos do desenvolvemento tecnolóxico e cultural nas sociedades máis avanzadas, que teñen que ver ca saúde, o medio ambiente, os conflitos armados, o racismo, a discriminación, etc., e que incumben non só ao desenvolvemento de cada unha delas, senón tamén ao da totalidade da humanidade. Dita inclusión responde tamén á preocupación de certos sectores críticos ante ideoloxías dominantes neste tipo de sociedades.

Deste xeito, a interpretación musical, no noso caso, é a meta e, como tal, implica o desenvolvemento da personalidade e a sensibilidade, xa que a música é un vehículo de emocións.

O profesor será guía e conselleiro, ademais do principal protagonista na construción da súa personalidade artística, dentro desta materia. Así pois, a programación será aberta, non rixida, potenciando a adaptación ás características e necesidades do alumnado, dentro dun marco dunha ensinanza individualizada.

A audición, repetición de exercicios, visualización de vídeos, etc., dará lugar a un diálogo - debate entre profesorado e o alumnado, co cal poderemos potenciar o respecto e a crítica.

Aparte dos valores universais de respecto e convivencia que afectan aos ámbitos da educación ambiental, da educación para a igualdade, da educación para a paz, da educación para o lecer, da educación do consumidor e da educación moral e cívica, que sempre son traballados nas clases individuais e colectivas, nas aulas traballaremos especialmente para que os/as alumnos/as adquiran coñecementos e habilidades que lles capaciten para valorar a música desde un punto de vista estético e artístico.

Nas clases deberá existir un clima de distensión e relaxación, para favorecer as verdadeiras características do alumnado. É importante, a súa vez, que exista unha interacción entre os/as diferentes alumnos/as; toda esta relación repercutirá posteriormente nunha mellor interpretación en conxunto, existindo unha maior complicidade entre eles.

Os temas transversais aplicados á materia de percusión poderíanse adecuar do seguinte xeito:





### **Educación para a convivencia**

- Fomentar o diálogo como xeito de solución de diferencias, por medio de intervencións do alumnado en aspectos de baquetación, tempo, etc.

### **Educación para a saúde**

- Coidar os hábitos e hixiene postural na aula.

### **Educación para a paz**

- Analizar obras e músicas tradicionais doutros países cun fin de integración entre pobos, fomento da paz, tolerancia e convivencia entre pobos.
- Apreciar e valorar a diversidade cultural, estética e musical mundial, como mostra de convivencia entre pobos.

### **Educación para a igualdade entre sexos**

- Analizar na historia da música, o número de compositores e compositoras e recoñecer situacións de discriminación por razón de sexo.
- Reflexionar e sacar conclusións das situacións observadas para evitar a discriminación.

### **Educación ambiental**

- Deducir a influencia do universo e natureza en tódolos seus sentidos, nos compositores á hora de escribir as obras.

### **Educación para Europa**

- Analizar a evolución da música da percusión feita en Europa.
- Valorar o legado europeo no pensamento e cultura, especialmente na música.

### **Educación multicultural**

- Espertar o interese pola cultura que os diferentes países e os seus pobos desenvolveron, legaron e evolucionaron, subliñando as súas diferenzas e semellanzas con outras culturas, desenvolvendo así actitudes de respecto por outros pobos.

## **4.1 Educación en valores**

Aparte dos valores universais de respecto e convivencia que afectan aos ámbitos da educación ambiental, da educación para a igualdade, da educación para a paz, da educación para o lecer, da educación do consumidor e da educación moral e cívica, que sempre son traballados nas clases individuais e colectivas, nas aulas traballaremos especialmente para que os/as alumnos/as adquiren coñecementos e habilidades para ser capaces de valorar a música desde un punto de vista estético e artístico.



## 4.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)

O centro debe contar con algún equipo informático con conexión a Internet a disposición de profesorado e alumnado. Para esta materia a rede é unha importante fonte de información, tanto para a consulta de fondos de bibliotecas, lectura de artigos especializados sobre a materia, busca de partituras, arquivos de son, ou libros especializados, etc. A biblioteca/fonoteca/videoteca do centro convértese no lugar máis adecuado para a obtención de información, deberemos animar e axudar ao alumnado a utilizar este espazo con aproveitamento. É recomendable usar na aula tecnoloxías da información e da comunicación, sempre que contemos con recursos que nolo permitan.

### Fomento da lectura

Enfocaremos o fomento da lectura en dúas vertentes: por unha banda, a literatura musical, procurando que o alumnado teña acceso a diversos autores e estilos e incentivando o seu interese por coñecelos; por outra banda ofreceremos acceso a diversa literatura especializada sobre a materia.

## 5. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

---

As actividades estarán organizadas polo centro, e estarán relacionadas con aspectos propios das ensinanzas de música: cursos especializados, asistencia a concertos ou ensaios de agrupacións de música, visita a museos ou similar, concertos fóra do centro, etc.

O alumnado e os seus responsables legais estarán informados con anterioridade de tódolos datos pertinentes. Nestas actividades, organizadas para incentivar aos/as alumnos/as e a súa educación, se resaltarán, ademais, valores de respecto e convivencia, entre outros.

## 6. Secuenciación do curso

---

### 6.1 Curso: 1º Grao Elemental

#### 6.1.1 Obxectivos

- Espertar o interese do alumnado a través da experimentación cos instrumentos de percusión e descubrimento do seu son.
- Desenvolver mínimas facultades técnicas para tocar nalgúns dos instrumentos de percusión (caixa, timbais, láminas, batería, etc.) e de pequena percusión (pandeireta, triángulo, claves, etc.)
- Fomentar no alumnado, dende o primeiro momento, hábito de estudo diario e tocar perante o público.



- Interpretar pequenos estudos adaptados ao nivel.
- Investigar sobre os instrumentos e compositores. Crear un dicionario de percusión e autores feito polos alumnos ou polas alumnas.

### 6.1.2 Contidos

- Descubrimento do son dos instrumentos de percusión.
- Traballo técnico e musical de caixa como base para todos os instrumentos de percusión, traballo técnico e musical de timbais, traballo técnico e musical de láminas para o coñecemento dos instrumentos melódicos da percusión e traballo técnico e musical de batería para o desenvolvemento das primeiras nocións de independencia entre brazos e pernas.
- Realización de pequenos exercicios de interpretación adaptados ao nivel.
- Procura en dicionarios, enciclopedias ou internet de información sobre os instrumentos de percusión e compositores.
- Realización de audicións trimestrais en público.

### 6.1.3 Avaliación

#### 6.1.3.1 Criterios de avaliación

- Executar coa destreza técnica adecuada.
- Executar con tempo firme.
- Executar cun son de calidade.
- Valorar a dificultade das obras ou estudos a executar.
- Valorar a interpretación de memoria

#### 6.1.3.2 Mínimos esixibles

Considéranse criterios mínimos esixibles o 75% dos contidos totais do curso.

#### 6.1.3.3 Procedementos e ferramentas de avaliación

##### **Procedementos ordinarios**

Ao longo do curso se avaliará ao alumnado cos diferentes tipos de avaliacións: **inicial**, para coñecer o seu nivel no curso que comeza; **continua** ou sumativa, ao longo do curso segundo a súa evolución actitude e interese en cada unha das clases, audicións ou actividades; e **final**, onde se terá en conta toda a súa evolución.



#### 6.1.3.4 Criterios de cualificación

A cualificación será a nota resultante obtida despois de aplicar as seguintes porcentaxes á nota asignada a cada un dos criterios:

- **Criterios técnicos:** 40%.
- **Criterios estéticos:** 40%.
- **Criterios actitudinais:** 20%.

No caso de que, unha vez aplicadas estas porcentaxes, a cifra obtida non sexa a dun número exacto (de 1 a 10), a cualificación será a resultante do redondeo en función dos decimais obtidos. Se estes se atopan entre o 0,01 e o 0,49, a cualificación será a do número enteiro anterior e, de 0,50 a 0,99 será a do número enteiro posterior.

#### 6.1.3.5 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Neste punto descríbese o protocolo a seguir nos casos en que se detecte a posibilidade de ampliación de matrícula por parte dalgún alumnado durante o curso escolar.

##### 6.1.3.5.1. Ámbito de aplicación

Na comunidade educativa do CMUS Xan Viaño, en todos os seus niveis educativos ofertados e impartidos no centro, agás nos cursos de 4º de Grao Elemental e 6º de Grao Profesional.

##### 6.1.3.5.2. Desenvolvemento do proceso

Segundo os Decretos 198/2007 e 203/2007, que fan referencia aos currículos de Grao Elemental e Profesional, respectivamente, nos seus artigos correspondentes 11º e 15º titulados “Matrícula excepcional” recóllese que “(...) É competencia do consello escolar de cada centro autorizarlle con carácter excepcional a ampliación de matrícula ao curso seguinte ao alumnado que, logo da orientación do profesorado, así o solicite, sempre que o informe da totalidade do profesorado do alumno ou da alumna xustifique, conforme criterios obxectivos, a súa adecuada capacidade de aprendizaxe do curso actual e daquel ao cal aspire a acceder (...)”.

Ao longo do curso, pódense detectar situacións nas que é viable a ampliación de matrícula dun alumno ou alumna ao curso seguinte. O protocolo será o que segue:

1. O profesorado que detecte dita posibilidade, poñerase en contacto co/a titor/a do/a alumno/a, se non o é (profesor/a de instrumento ou canto). O/a profesor/a solicitará de xeito individual a información necesaria para comezar, ou non, o procedemento. En caso afirmativo, pasaríase ao seguinte punto e continuaríase co proceso.
2. O/a titor/a informará a familia (de tratarse de alumnado menor de idade) ou o/á propio/a alumno/a (de tratarse de alumnado maior de idade) sobre a situación detectada. A información aportada polo titor/a debe ser de xeito “GLOBAL”, é dicir, que, entre outros aspectos, comeza, se así é desexado, un proceso no que se



comprobarán as posibilidades de poder ampliar matrícula de xeito **COLECTIVO** por parte de todos/as os/as docentes do/a alumno/a cunha decisión **UNÁNIME e FIRME**. No caso de que a familia (de tratarse de alumnado menor de idade) ou o/a propio/a alumno/a (de tratarse de alumnado maior de idade) non desexaran seguir co procedemento, este remata aquí. Se polo contrario, a resposta é afirmativa respecto a continuar co procedemento, pasaríase ao seguinte punto.

3. O/a titor/a demandará a información necesaria do/a alumno/a de todo o profesorado que lle imparte clases nese curso.
4. Unha vez recollida toda a información, o/a titor/a solicitará a Xefatura de Estudos unha Xunta Avaliadora Extraordinaria coa totalidade do profesorado do/a alumno/a implicado/a, para poñer en común a idoneidade ou non da ampliación de matrícula. Nesta Xunta Avaliadora Extraordinaria o/a titor do/a alumno/a redactará unha acta onde se recollerán as conclusións dos informes do profesorado implicado.

Para poder orientar ao/á alumno/a de cara a unha ampliación de matrícula deberá haber acordo UNÁNIME de todo o profesorado.

A Xunta Avaliadora Extraordinaria pode ser substituída pola Sesión de Avaliación correspondente, na que se poderá aportar os datos, documentos... que amosen a conformidade, ou non, da totalidade do profesorado do/a alumno/a, para solicitar a Matrícula Excepcional (ampliación de matrícula).

Na **Sesión de Avaliación / Xunta Avaliadora Extraordinaria** acordarase tamén a información que debe transmitirse a cada alumno/a e, de ser o caso, ao seu pai, nai ou titores legais sobre o proceso da ampliación de matrícula.

5. No caso no que se aconselle a súa promoción, o/a titor/a deberá informar ao alumno/a (de tratarse de alumnado maior de idade) ou a familia (de tratarse de alumnado menor de idade), acerca da solicitude que deberá realizar, á atención da Dirección do Centro, para levar a súa aprobación, se procede, ao Consello Escolar.
6. O Consello Escolar reunirse coas solicitudes recibidas pola Dirección e, se procede, serán aprobadas. Aquelas que leven o visto e prace, serán reflectidas na Acta de Avaliación correspondente.

Posteriormente o/a alumno/a deberá acudir á Secretaría do Centro para realizar os trámites administrativos correspondentes (formalización da matrícula, pago de taxas...); unha vez realizados estes, o/a alumno/a estará matriculado/a oficialmente no novo curso e darase por rematado o procedemento de Matrícula Excepcional (Ampliación de Matrícula).

#### 6.1.3.5.3. Competencias

- ✓ Dirección
  - Custodiar e recoller as diferentes solicitudes de Matrícula Excepcional.
  - Convocar ao Consello Escolar para a aprobación, se procede, das solicitudes.
- ✓ Xefatura de estudos
  - Organizar, coordinar e supervisar o exercicio da función docente do profesorado e a actividade académica do alumnado.



- Organizar, convocar e supervisar a avaliación nunha posible ampliación de matrícula en sesión de Avaliación / Xunta Avaliadora Extraordinaria.
- Dar o visto e prace á acta da sesión de Avaliación / Xunta Avaliadora Extraordinaria redactada polo/a titor/a.
- ✓ Titores/as
  - Efectuar o seguimento dos procesos de aprendizaxe do alumnado
  - Introducir no programa de xestión de cualificacións CENTROSNET, as notas do alumnado nas datas establecidas.
  - Cubrir a documentación oficial relativa ao seu alumnado:
    - Redactar acta do desenvolvemento das sesións, de avaliación e cualificación, na que se farán constar os acordos acadados e as decisión adoptadas polo conxunto total do profesorado.
    - Comprobar que está debidamente cumprimentada a acta de avaliación, coas cualificacións, e asinada por todo o profesorado.
  - Coordinarse co resto do profesorado que imparta docencia ao seu alumnado.
  - Solicitar a información necesaria do profesorado implicado no proceso ante unha posible ampliación de matrícula e cumprir cos acordos acadados.
  - Solicitar a Xefatura de Estudos Xunta Avaliadora Extraordinaria.
- ✓ Resto do equipo docente
  - Efectuar o seguimento dos procesos de aprendizaxe do alumnado.
  - Detectar posibles casos de ampliación de matrícula e colaborar na súa resolución.
  - Introducir no programa de xestión de cualificacións CENTROSNET, as notas do seu alumnado nas datas establecidas.
  - Actuar de xeito integrado co conxunto de profesorado ao longo do todo o proceso de avaliación.
  - Participar no análise dos resultados da avaliación e colaborar na adopción das medidas necesarias.
  - Asinar as actas de avaliación.
  - Realizar as correspondentes comprobacións (probas, exames...), de ser necesarias, para obter evidencias da posible ampliación.
- ✓ Familia (alumno menor de idade) ou alumnado (de ser maior de idade)
  - Colaborar no proceso que aquí se describe
- ✓ Consello Escolar
  - Autorizar, con carácter excepcional, a ampliación de matrícula ao curso seguinte do alumnado que, logo da orientación do profesorado, así o solicite, sempre que o informe da súa totalidade, xustifique, conforme a criterios obxectivos, a súa adecuada capacidade de aprendizaxe do curso actual e do novo ao que aspira a acceder.



## 6.1.4 Medidas de recuperación

### 6.1.4.1 Procedementos de recuperación ordinarios.

Cando algún alumnado teña a materia pendente, ou presente problemas de rendemento, o profesorado procurará adecuar o traballo a desenvolver, na procura dunha óptima recuperación.

Ao tratarse de clases individuais, a adecuación das actividades e o seguimento do proceso de recuperación, realízanse dun xeito personalizado, e non exporán problemas de adecuación de distintos ritmos de aprendizaxe a un grupo.

Estas actividades deberán enfocarse de xeito que resulten atractivas e motivadoras para o alumnado, incorporando medidas que eviten a rutina. Ao tratarse de clases individuais, o/a profesor/a determinará as actividades de recuperación a seguir, podendo adaptarse de xeito óptimo as necesidades do/a alumno/a.

### 6.1.4.2 Proba extraordinaria

O alumnado que non supere o curso na convocatoria ordinaria ten dereito a que lle sexa realizada unha proba extraordinaria. Nesta proba deberá interpretar catro obras ou estudos de diferentes instrumentos. Estas obras ou estudos estarán indicados nun informe de avaliación negativa que se lle achegará ao alumnado xunto co boletín de notas ao rematar o curso.

#### **Criterios de cualificación:**

Atendendo aos distintos aspectos avaliábeis e seguindo as seguintes porcentaxes:

**Criterios técnicos:** 50%

**Criterios estéticos:** 50%

No caso de que, unha vez aplicadas estas porcentaxes, a cifra obtida non sexa a dun número exacto (de 1 a 10), a cualificación será a resultante do redondeo en función dos decimais obtidos. Se estes se atopan entre o 0,01 e o 0,49, a cualificación será a do número enteiro anterior e, de 0,50 a 0,99 será a do número enteiro posterior.

## 6.1.5 Recursos didácticos

Interpretaranse pezas e estudos, ademais de lecturas a vista adecuados a cada nivel, dentro dos obxectivos de cada curso.

Será importante facerse con textos que faciliten información sobre aspectos técnicos, de estilo, material bibliográfico, discográfico e videográfico ou de calquera outro medio de información que poida facer chegar ao alumnado a máxima información posible sobre a percusión.

## **MÉTODOS**





MÉTODO DE PERCUSIÓN 1 .....	M. Jansen
STICK CONTROL FOR THE SNARE DRUMMER .....	S. Fink
STUDIES FOR SNARE DRUM 1 .....	S. Fink
DEVELOPING DEXTERITY .....	M. Peters
GRADED MUSIC FOR SNARE DRUM 1 .....	K. Hathway & I. Wright
FUNDAMENTAL STUDIES FOR SNARE DRUM .....	G. Whaley
FUNDAMENTAL STUDIES FOR MALLETS .....	G. Whaley
GRADED MUSIC FOR TUNED PERCUSSION 1 .....	K. Hathway & I. Wright
FUNDAMENTAL STUDIES FOR TIMPANI .....	G. Whaley
GRADED MUSIC FOR TIMPANI .....	I. Wright
EJERCICIOS PARA LA BATERÍA POP .....	E. Gil
REALISTIC ROCK .....	C. Appice

**Nota:** Esta lista de métodos e obras está suxeita a posibles variacións.

## 6.2 Curso: 2º de Grao Elemental

### 6.2.1 Obxectivos

- Continuar coa experimentación sobre os instrumentos de percusión, coñecer novos instrumentos.
- Continuar o desenvolvemento técnico e musical da caixa como base para todos os instrumentos de percusión.
- Continuar co desenvolvemento técnico e musical de timbais, e comezar a afinar os timbais de maneira básica.
- Continuar co desenvolvemento técnico e musical de láminas.
- Continuar o desenvolvemento das facultades de coordinación de pés e mans na batería.
- Interpretar exercicios ou obras adaptadas ao nivel.
- Continuar coa creación de hábitos de estudo e de tocar en público.

### 6.2.2 Contidos

- Experimentación sobre as novas formas de produción do son.
- Realización de exercicios de caixa.





- Realización de exercicios de timbais.
- Realización de exercicios de láminas.
- Interpretación de estudos ou obras adaptadas ao nivel e facelo coa axuda das baquetacións axeitadas.
- Realización de pequenas lecturas a vista.
- Realización de exercicios na batería para aprender a coordinar os pes e as mans.
- Realización de audicións trimestrais en público.

## 6.2.3 Avaliación

### 6.2.3.1 Criterios de avaliación

- Executar coa destreza técnica adecuada.
- Executar con tempo estable.
- Executar cun son de calidade.
- Valorar a dificultade das obras ou estudos a executar.
- Valorar a interpretación de memoria.

### 6.2.3.2 Mínimos esixibles

Considéranse criterios mínimos esixibles o 75% dos contidos totais do curso.

### 6.2.3.3 Procedementos e ferramentas de avaliación

#### Procedementos ordinarios

Ao longo do curso se avaliará ao alumnado cos diferentes tipos de avaliacións: **inicial**, para coñecer o seu nivel no curso que comeza; **continua** ou sumativa, ao longo do curso segundo a súa evolución actitude e interese en cada unha das clases, audicións ou actividades; e **final**, onde se terá en conta toda a súa evolución.

### 6.2.3.4 Criterios de cualificación

A cualificación será a nota resultante obtida despois de aplicar as seguintes porcentaxes á nota asignada a cada un dos criterios:

- **Criterios técnicos:** 40%.
- **Criterios estéticos:** 40%.
- **Criterios actitudinais:** 20%.

No caso de que, unha vez aplicadas estas porcentaxes, a cifra obtida non sexa a dun número exacto (de 1 a 10), a cualificación será a resultante do redondeo en función



dos decimais obtidos. Se estes se atopan entre o 0,01 e o 0,49, a cualificación será a do número enteiro anterior e, de 0,50 a 0,99 será a do número enteiro posterior.

#### 6.2.3.5 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Neste punto descríbese o protocolo a seguir nos casos en que se detecte a posibilidade de ampliación de matrícula por parte dalgún alumnado durante o curso escolar.

##### 6.2.3.5.1. Ámbito de aplicación

Na comunidade educativa do CMUS Xan Viaño, en todos os seus niveis educativos ofertados e impartidos no centro, agás nos cursos de 4º de Grao Elemental e 6º de Grao Profesional.

##### 6.2.3.5.2. Desenvolvemento do proceso.

Segundo os Decretos 198/2007 e 203/2007, que fan referencia aos currículos de Grao Elemental e Profesional, respectivamente, nos seus artigos correspondentes 11º e 15º titulados “Matrícula excepcional” recóllese que “(...) É competencia do consello escolar de cada centro autorizarlle con carácter excepcional a ampliación de matrícula ao curso seguinte ao alumnado que, logo da orientación do profesorado, así o solicite, sempre que o informe da totalidade do profesorado do alumno ou da alumna xustifique, conforme criterios obxectivos, a súa adecuada capacidade de aprendizaxe do curso actual e daquel ao cal aspire a acceder (...)”.

Ao longo do curso, pódense detectar situacións nas que é viable a ampliación de matrícula dun alumno ou alumna ao curso seguinte. O protocolo será o que segue:

1. O profesorado que detecte dita posibilidade, poñerase en contacto co/a titor/a do/a alumno/a, se non o é (profesor/a de instrumento ou canto).  
O/a profesor/a solicitará de xeito individual a información necesaria para comezar, ou non, o procedemento. En caso afirmativo, pasaríase ao seguinte punto e continuaríase co proceso.
2. O/a titor/a informará a familia (de tratarse de alumnado menor de idade) ou o/a propio/a alumno/a (de tratarse de alumnado maior de idade) sobre a situación detectada. A información aportada polo titor/a debe ser de xeito “GLOBAL”, é dicir, que, entre outros aspectos, comeza, se así é desexado, un proceso no que se comprobarán as posibilidades de poder ampliar matrícula de xeito **COLECTIVO** por parte de todos/as os/as docentes do/a alumno/a cunha decisión **UNÁNIME e FIRME**. No caso de que a familia (de tratarse de alumnado menor de idade) ou o/a propio/a alumno/a (de tratarse de alumnado maior de idade) non desexaran seguir co procedemento, este remata aquí. Se polo contrario, a resposta é afirmativa respecto a continuar co procedemento, pasaríase ao seguinte punto.
3. O/a titor/a demandará a información necesaria do/a alumno/a de todo o profesorado que lle imparte clases nese curso.



4. Unha vez recollida toda a información, o/a titor/a solicitará a Xefatura de Estudos unha Xunta Avaliadora Extraordinaria coa totalidade do profesorado do/a alumno/a implicado/a, para poñer en común a idoneidade ou non da ampliación de matrícula. Nesta Xunta Avaliadora Extraordinaria o/a titor do/a alumno/a redactará unha acta onde se recollerán as conclusións dos informes do profesorado implicado. Para poder orientar ao/á alumno/a de cara a unha ampliación de matrícula deberá haber acordo UNÁNIME de todo o profesorado.

A Xunta Avaliadora Extraordinaria pode ser substituída pola Sesión de Avaliación correspondente, na que se poderá aportar os datos, documentos... que amosen a conformidade, ou non, da totalidade do profesorado do/a alumno/a, para solicitar a Matrícula Excepcional (ampliación de matrícula).

Na **Sesión de Avaliación / Xunta Avaliadora Extraordinaria** acordarase tamén a información que debe transmitirse a cada alumno/a e, de ser o caso, ao seu pai, nai ou titores legais sobre o proceso da ampliación de matrícula.

5. No caso no que se aconselle a súa promoción, o/a titor/a deberá informar ao alumno/a (de tratarse de alumnado maior de idade) ou a familia (de tratarse de alumnado menor de idade), acerca da solicitude que deberá realizar, á atención da Dirección do Centro, para levar a súa aprobación, se procede, ao Consello Escolar.
6. O Consello Escolar reunirase coas solicitudes recibidas pola Dirección e, se procede, serán aprobadas. Aquelas que leven o visto e praxe, serán reflectidas na Acta de Avaliación correspondente.

Posteriormente o/a alumno/a deberá acudir á Secretaría do Centro para realizar os trámites administrativos correspondentes (formalización da matrícula, pago de taxas...); unha vez realizados estes, o/a alumno/a estará matriculado/a oficialmente no novo curso e darase por rematado o procedemento de Matrícula Excepcional (Ampliación de Matrícula).

#### 6.2.3.5.3. Competencias

##### ✓ Dirección

- Custodiar e recoller as diferentes solicitudes de Matrícula Excepcional.
- Convocar ao Consello Escolar para a aprobación, se procede, das solicitudes.

##### ✓ Xefatura de estudos

- Organizar, coordinar e supervisar o exercicio da función docente do profesorado e a actividade académica do alumnado.
- Organizar, convocar e supervisar a avaliación nunha posible ampliación de matrícula en sesión de Avaliación / Xunta Avaliadora Extraordinaria.
- Dar o visto e praxe á acta da sesión de Avaliación / Xunta Avaliadora Extraordinaria redactada polo/a titor/a.

##### ✓ Titores/as

- Efectuar o seguimento dos procesos de aprendizaxe do alumnado
- Introducir no programa de xestión de cualificacións CENTROSNET, as notas do alumnado nas datas establecidas.
- Cubrir a documentación oficial relativa ao seu alumnado:



- Redactar acta do desenvolvemento das sesións, de avaliación e cualificación, na que se farán constar os acordos acadados e as decisión adoptadas polo conxunto total do profesorado.
- Comprobar que está debidamente cumprimentada a acta de avaliación, coas cualificacións, e asinada por todo o profesorado.
- Coordinarse co resto do profesorado que imparta docencia ao seu alumnado.
- Solicitar a información necesaria do profesorado implicado no proceso ante unha posible ampliación de matrícula e cumprir cos acordos acadados.
- Solicitar a Xefatura de Estudos Xunta Avaliadora Extraordinaria.
- ✓ Resto do equipo docente
  - Efectuar o seguimento dos procesos de aprendizaxe do alumnado.
  - Detectar posibles casos de ampliación de matrícula e colaborar na súa resolución.
  - Introducir no programa de xestión de cualificacións CENTROSNET, as notas do seu alumnado nas datas establecidas.
  - Actuar de xeito integrado co conxunto de profesorado ao longo do todo o proceso de avaliación.
  - Participar no análise dos resultados da avaliación e colaborar na adopción das medidas necesarias.
  - Asinar as actas de avaliación.
  - Realizar as correspondentes comprobacións (probas, exames...), de ser necesarias, para obter evidencias da posible ampliación.
- ✓ Familia (alumnado menor de idade) ou alumnado (de ser maior de idade)
  - Colaborar no proceso que aquí se describe
- ✓ Consello Escolar
  - Autorizar, con carácter excepcional, a ampliación de matrícula ao curso seguinte do alumnado que, logo da orientación do profesorado, así o solicite, sempre que o informe da súa totalidade, xustifique, conforme a criterios obxectivos, a súa adecuada capacidade de aprendizaxe do curso actual e do novo ao que aspira a acceder.

## 6.2.4 Medidas de recuperación

### 6.2.4.1 Procedementos de recuperación ordinarios

Cando algún alumnado teña a materia pendente, ou presente problemas de rendemento, o profesorado procurará adecuar o traballo a desenvolver, na procura dunha óptima recuperación.

Ao tratarse de clases individuais, a adecuación das actividades e o seguimento do proceso de recuperación, realízanse dun xeito personalizado, e non exporán problemas de adecuación de distintos ritmos de aprendizaxe a un grupo.

Estas actividades deberán enfocarse de xeito que resulten atractivas e motivadoras para o alumnado, incorporando medidas que eviten a rutina. Ao tratarse de clases



individuais, o/a profesor/a determinará as actividades de recuperación a seguir, podendo adaptarse de xeito óptimo as necesidades do/a alumno/a.

#### 6.2.4.2 Proba extraordinaria.

O alumnado que non supere o curso na convocatoria ordinaria ten dereito a que lle sexa realizada unha proba extraordinaria. Nesta proba deberá interpretar catro obras ou estudos de diferentes instrumentos. Estas obras ou estudos estarán indicados nun informe de avaliación negativa que se lle achegará ao alumnado xunto co boletín de notas ao rematar o curso.

#### **Cráterios de cualificación:**

Atendendo aos distintos aspectos avaliábles e seguindo as seguintes porcentaxes:

**Cráterios técnicos:** 50%

**Cráterios estéticos:** 50%

No caso de que, unha vez aplicadas estas porcentaxes, a cifra obtida non sexa a dun número exacto (de 1 a 10), a cualificación será a resultante do redondeo en función dos decimais obtidos. Se estes se atopan entre o 0,01 e o 0,49, a cualificación será a do número enteiro anterior e, de 0,50 a 0,99 será a do número enteiro posterior.

#### 6.2.5 Recursos didácticos

Interpretaranse pezas e estudos, ademais de lecturas a vista adecuados a cada nivel, dentro dos obxectivos de cada curso.

Será importante facerse con textos que faciliten información sobre aspectos técnicos, de estilo, material bibliográfico, discográfico e videográfico ou de calquera outro medio de información que poida facer chegar ao alumnado a máxima información posible sobre a percusión.

#### **MÉTODOS**

MÉTODO DE PERCUSIÓN 2 .....	M. Jansen
DEVELOPING DEXTERITY .....	M. Peters
STICK CONTROL FOR THE SNARA DRUMMER .....	G. L. Stone
ESTUDIES FOR SNARE DRUM 2 .....	S. Fink
FUNDAMENTAL STUDIES FOR SNARE DRUM .....	G. Whaley
GRADED MUSIC FOR SNARE DRUM 1 .....	K. Hathway & I. Wright
FUNDAMENTAL STUDIES FOR MALLETS .....	G. Whaley
FUNDAMENTAL METHOD FOR MALLETS 1 .....	M. Peters
GRADED MUSIC FOR TUNED PERCUSSION .....	K. Hathway & I. Wright



FUNDAMENTAL STUDIES FOR TIMPANI .....	G. Whaley
GRADED MUSIC FOR TIMPANI .....	I. Wright
FUNDAMENTAL METHOD FOR TIMPANI .....	M. Peters
MULTIPITCH RHYTHM STUDIES FOR DRUMS .....	R. Delp
EJERCICIOS PARA LA BATERÍA POP .....	E. Gil
REALISTIC ROCK .....	C. Appice

**Nota:** Esta lista de métodos e obras está suxeita a posibles variacións.

## 6.3 Curso: 3º de Grao Elemental

### 6.3.1 Obxectivos

- Continuar o desenvolvemento técnico e musical de caixa como base para todos os instrumentos de percusión.
- Continuar co desenvolvemento técnico e musical en timbais así como a súa afinación.
- Continuar o desenvolvemento técnico e musical de láminas.
- Continuar o desenvolvemento da coordinación entre pés e mans na batería.
- Coñecer breves nocións sobre a percusión combinada.
- Controlar a posición do corpo nos diferentes instrumentos, harmonía corporal.
- Desenvolver a memoria visual, auditiva e cinética.
- Interpretar pequenas obras ou exercicios adaptados ao nivel.
- Continuar coa creación do hábito de estudo diario e de tocar en público.

### 6.3.2 Contidos

- Realización de exercicios técnicos e musicais de caixa para continuar co seu desenvolvemento.
- Realización de exercicios técnicos e musicais de láminas para continuar co seu desenvolvemento.
- Realización de exercicios técnicos e musicais de timbais para continuar co seu desenvolvemento.
- Realización de exercicios de coordinación entre pés e mans na batería para continuar co seu desenvolvemento.
- Realización de pequenos exercicios técnicos de percusión combinada.



- Realización de pequenas obras ou exercicios de interpretación adaptadas ao nivel en todos os instrumentos de percusión coñecidos.
- Afianzamento de golpes básicos: golpes simples, dobres, paradiles, executados coas dúas mans, independentes ou alternadas. Baquetacións e aumento progresivo da velocidade de execución.
- Realización de audicións trimestrais en público.

### 6.3.3 Avaliación

#### 6.3.3.1 Criterios de avaliación

- Executar coa destreza técnica adecuada.
- Executar con tempo estable.
- Executar cun son de calidade.
- Valorar a dificultade das obras ou estudos a executar.
- Valorar a interpretación de memoria.

#### 6.3.3.2 Mínimos esixibles

Considéranse criterios mínimos esixibles o 75% dos contidos totais do curso.

